

orientación laboral

PROCESO DE RECOÑECEMENTO DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS AQUIRIDAS A TRAVÉS DA EXPERIENCIA LABORAL OU DE VÍAS NON FORMAIS DE FORMACIÓN

O servizo de Orientación Laboral do Concello de Fene, informa sobre as novas convocatorias abertas no proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través de experiencia laboral (DOG 26/01/2022).

A Xunta de Galicia a través da Consellería de Emprego e Igualdade abriu a convocatoria de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través de experiencia laboral ou formación non formal, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.

Deste xeito convócanse prazas en unidades de competencias dirixidas a aqueles traballadores e traballadoras con experiencia laboral ou formación non formal nas seguintes cualificacións profesionais:

- **Vixilancia e seguridade privada** (nivel 2): 240 prazas.
- **Atención sanitaria a múltiples vítimas e catástrofes** (nivel 2): 170 prazas
- **Amarre de porto e mono boias** (nivel 1): 50 prazas

REQUISITOS :

- Nacionalidade española, residente comunitario ou familiar deste ou ser titular dunha autorización de residencia en España en vigor
- Ter 18 anos cumpridos no momento de realizar a inscrición, para o caso de unidades de competencia profesional de nivel 1, e 20 anos cumpridos, para os niveis 2 e 3.

- Non estar matriculado nun curso de formación profesional inicial, nin estar realizando curso de formación profesional para o emprego, conducente á acreditación das unidades de competencia que solicita.
- Ter experiencia laboral e / ou formación non formal relacionada coas competencias profesionais que se queren acreditar.
 - ✚ Experiencia laboral: xustificar polo menos 3 anos, cun mínimo de 2000 horas traballadas en total, nos últimos 15 anos, para as unidades de competencia de nivel 2.
 - ✚ Experiencia laboral: xustificar polo menos 2 anos, cun mínimo de 1200 horas traballadas en total, nos últimos 15 anos, para as unidades de competencia de nivel 1
 - ✚ Formación non formal: xustificar polo menos 300 horas nos últimos 10 anos, para as unidades de competencia de nivel 2.
 - ✚ Formación non formal: xustificar polo menos 200 horas nos últimos 10 anos, para as unidades de competencia de nivel 1.
- Con respecto ao persoal militar, deberá cumprir o seguinte requisito: ser militar cunha relación de servizo de carácter temporal, incluído persoal que se atope en situación legal de desemprego, durante os 2 anos posteriores a súa data de baixa nas Forzas Armadas.

PRAZO :

- ❖ Prazo de inscrición: [ata 23 de febreiro de 2022](#)

As persoas interesadas que precisen información ou orientación poden contactar co servizo de orientación no teléfono 981 492 767 ou a través da caixa de correo: orientacion.laboral@fene.gal

ENLACE Á ORDE DO DOG:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220126/AnuncioG0599-301221-0005_es.pdf

INFORMACIÓN DA CONVOCATORIA E APLICACIÓN INFORMÁTICA

https://emprego.xunta.gal/portal/index.php/gl/?option=com_content&view=article&id=8

